

CASA FANDÍN

N-634 Km 559,8

27796 A Devesa- Ribadeo (Lugo)

Teléfono: 649 12 68 17

E-mail: rosagullon@casafandin.com

Web: www.casafandin.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- A zona onde se sitúa a casa é trollo, con espazos amplos sen chanzos e despexado de obstáculos.
- A entrada é accesible xa que no itinerario non hai chanzos ou ocos estreitos que dificulten o paso.
- A casa non dispón de zona de aparcadoiro delimitado no chan nin de prazas reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).

Acceso

- Casa Fandín ten **1** edificio principal onde están situados os **4** apartamentos adaptados e dous edificios anexos, onde se sitúa a recepción e unha sala de reunións. O itinerario de acceso a todos os edificios é accesible xa que non hai chanzos ou ocos estreitos que dificulten o paso.
- As portas de acceso aos **3** edificios deixan un oco de paso superior a **80 cm**

Zona de Recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de **1,50 m** de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiscorregadizo.
- A mesa de atención ao público está a unha altura de **80 cm** e debaixo hai un espazo libre de **75 cm** que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas

Apartamentos adaptados

- N.º apartamentos adaptados: **4**. Están todos en planta baixa e o itinerario é accesible.
- As portas de acceso e interiores dos apartamentos teñen un oco de paso de **78 cm**.
- Nos salóns e dormitorios existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de **1 m**.
- As camas teñen unha altura que varía entre os **52-55 cm** e accédese a estas por ambos os dous lados por espazos superiores a **90 cm** de ancho.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis e caixóns están situadas a unha altura que varía entre **20 e 159 cm** e os percheiros a **90 cm**.

Cuarto de baño do apartamento adaptado Nº2

- Os cuartos de baños dos 4 apartamentos son de similares características. A continuación descríbese un deles.
- A porta é corrediza e ten un ancho libre de paso de **80 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo superior a **90 cm**. O asento está a unha altura de **47 cm** e o mecanismo de descarga a **90 cm** e é de presión.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible en lado esquerdo e unha fixa no dereito, situadas a unha altura de **72 cm** e cunha separación entre ambas as dúas de **60 cm**.

Lavabo

- O lavabo permite a aproximación frontal dun usuario en cadeira de rodas xa que ten un espazo libre inferior de **84 cm** de altura e **44 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,04 m** e o resto dos accesorios do baño están a unha altura que varía entre os **80 y 120 cm**.

Ducha

- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral superior a **90 cm**.
- Dispón dunha cadeira de ducha correctamente ancorada á parede, situada a unha altura de **33 cm** e cunhas dimensións de **45 cm** de ancho e **53 cm** de fondo. Ademais ten unha barra de apoio fixa á parede, no lado dereito, a unha altura de **76-130 cm** que facilita a transferencia.
- As billas son con termóstato e están colocadas correctamente nunha parede accesible a unha altura de **90 cm**.

Cocina e salón dos apartamentos

- As cociñas dos **4** apartamentos están adaptadas ás necesidades dos usuarios de cadeira de rodas.
- Están situadas xunto ao salón dos apartamentos, na planta baixa, e o itinerario é accesible. As portas teñen un oco de paso superior a **83 cm**.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro superior a **1,20 m** de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedoiro están a **77 cm** de altura e debaixo hai un espazo libre de **67 cm** de altura e **1,30 m** de ancho, que permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os andeis e caixóns dos armarios están a unha altura que varía entre **40 e 110 cm**.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre **25 y 78 cm**.
- Non dispón de lavalouza.
- As mesas da zona de comedor teñen unha pata central pero permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten **76 cm** de altura e debaixo hai un espazo libre de **73 cm** de altura, un ancho de **70 cm** e un fondo libre de **50 cm**.

Sala de reunións

- Está situada noutro edificio e o itinerario é accesible.
- A porta é de madeira, de apertura manual e deixa un oco de paso superior a **80 cm**.
- Existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro. A distancia mínima entre mobles é superior a **1 m**.
- As mesas teñen unha altura de **77 cm** e debaixo existe un espazo inferior libre de **71 cm** de altura, **1,40 m** de ancho e **60 cm** de fondo.

Aseo común adaptado

- Está situado no edificio da sala de reunións e o itinerario é accesible. Non está sinalizadas co SIA.
- A porta abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de **82 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito de **1,60 m**. O asento está a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **75 cm** e é de presión.
- Non dispón de barras de apoio que faciliten a transferencia.

Lavabo

- O lavabo permite a aproximación frontal dun usuario en cadeira de rodas xa que ten un espazo libre inferior de **72 cm** de altura e **40 cm** de fondo. A billa é monomando.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- As portas son de madeira.
- Nos diferentes edificios o pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

Apartamentos

- O número do apartamento non se indica en letras grandes pero presentan cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- A TV dispón de decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Sinalización

- O establecemento dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estanzas. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.